



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 2 socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello, previa preselección realizada pola oficina de emprego de Carballo (oferta núm. 12-2021-5635)

Expte. Admvo. Núm.: 2021/E001/000003

Expte. Decreto Núm.: 2021/G003/000434

Visto que este concello ten concedida unha subvención para a contratación de 6 socorristas para a prestación do servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello para o que temos concedida unha prórroga para a contratación deste persoal ata o 26/07/2021.

Visto que por Resolución de Alcaldía núm. 392/2021, de data 15/07/2021 pola que se nomearon 3 socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello, previa preselección realizada pola oficina de emprego de Carballo (oferta núm. 12-2021-5635).

E atendendo á necesidade de contratación deste persoal para a temporada de verán xa que estamos case a finais do mes de xullo e á concesión da bandeira azul, a que nos obriga a prestar este servizo cun número mínimo de socorristas é necesario e urxente axilizar ós trámites para completar o servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello coa contratación de mais persoal.

A oficina de emprego de Carballo remitiu de novo unha relación de currículos para o número de oferta 12-2021-5635.

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 401/2021, de data 20/07/2021 aprobouse a lista de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria.

Vista a acta de selección do Tribunal que avaliou os méritos acreditados polos aspirantes presentados ao concurso-oposición na que propón ao sr. Alcalde designar a Adrián Lema Mira e a Fabio Méndez Reyes como socorristas para as praias do concello por un período de tempo de 2 meses e baixo a modalidade de contrato de duración determinada de interese social.

Unha vez comprobada a documentación presentada polos aspirantes Adrián Lema Mira e a Fabio Méndez Reyes, establecida na base undécima das bases de selección.

Visto que con data 26/07/2021 remata o prazo de ampliación para o inicio de contratación deste persoal e necesario proceder coa contratación deste persoal o máis axiña posible.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear a Adrián Lema Mira e a Fabio Méndez Reyes como persoal laboral temporal para que realicen as tarefas de socorristas no Servizo de Vixilancia e Socorrismo nas praias do concello (Expte. TR351A 2021/49-1 Vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal), a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social. O contrato terá unha duración de 2 meses, dende o 23/07/2021 ata o 22/09/2021, ámbolos dous incluídos.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Segundo: De acordo coa base 9.5 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do concello (www.concellodelaxe.com) e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretaria dou fe.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora
Asdo. Begoña Carrasco García